



Estimadas veciñas e veciños,

Dende o concello de Gondomar estamos a traballar na mellora do servizo de xestión dos residuos orgánicos que se xeran nas vivendas do noso concello. Pois, en conxunto, os restos de comida e restos vexetais representan case a metade dos residuos que xeramos nos nosos fogares e, ademais, son o tipo de residuo que máis problemas medioambientais xera se non se trata axeitadamente.

Como mostra deste compromiso ambiental, o Concello de Gondomar leva traballando dende o ano 2017 nun programa de compostaxe local a través do cal xa se lograron implantar máis de 600 composteiros domésticos e 2 Centros de compostaxe comunitaria que dan servizo ao casco urbano do Concello. Así como a posta a disposición da cidadanía dun servizo de préstamo de biotrituradoras para a xestión de biomasa domiciliaria.

Sen embargo, neste ano 2024 queremos seguir reforzando o traballo xa feito ata o momento cunha campaña para aumentar e mellorar a participación da cidadanía residente no municipio, tanto na separación en orixe da fracción orgánica municipal como na compostaxe deste material in situ.

Quen pode solicitar un composteiro doméstico? Poderano solicitar as veciñas e veciños empadroados no Concello de Gondomar que residan nunha vivenda unifamiliar e dispoñan dunha parcela verde onde instalar o composteiro.

Con que finalidade se solicita este composteiro? Co obxectivo de xestionar os restos da comida xerados nos fogares e os restos do xardín e da horta, deste xeito, reducimos a cantidade de residuos que van ao colector da fracción resto e axudamos a cumprir coa normativa vixente en materia de residuos.

Se queres axudar a mellorar a xestión dos residuos do Concello de Gondomar podes solicitar o teu composteiro entregando o documento de solicitude adxunto a esta carta no rexistro do Concello de Gondomar.

A inscrición é totalmente de balde e recibirás un composteiro doméstico, un manual de compostaxe e terás á túa disposición asesoramento técnico durante todo o proceso.

A entrega do composteiro realizarase a domicilio, previa cita, na que se acordará data e hora da entrega mediante chamada telefónica a cada persoa que solicite o composteiro, tamén realizaremos charlas informativas das que iremos informando puntualmente.

Esperando contar coa vosa participación, recíbide un cordial saúdo.

Paco Ferreira González, Alcalde de Gondomar.



**SOLICITANTE**

D.N.I.*	Nome e apelidos*					
Enderezo*			Núm.*	Escaleira	Andar	Porta
C.P.*	Municipio*	Provincia*		Teléfono fixo		Móbil*
Correo electrónico						

REPRESENTANTE

D.N.I.*	Nome e apelidos*					
Enderezo			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
C.P.	Municipio	Provincia		Teléfono fixo		Móbil*
Correo electrónico						

DATOS DO EMPRAZAMENTO DO COMPOSTEIRO INDIVIDUAL

Referencia Catastral*

*Campos obrigatorios

O solicitante manifesta coñecer e responsabilízase de cumprir as normas establecidas.

Gondomar, ____ de _____ de 20__

Registro número:

Asinado: _____

*Presentar no rexistro xeral do concello***Datos a cubrir polo persoal do departamento de padrón do Concello**Empadroada/o **SI** **NON** **EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE GONDOMAR**

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro (LOPDGDD), informámosle que os datos persoais e dirección de correo electrónico do interesado, serán tratados baixo a responsabilidade do CONCELLO DE GONDOMAR para o envío de comunicacións sobre a nosa relación contractual ou os nosos servizos municipais. Informámosle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a registroxeral@concellogondomar.gal. Dispón da información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa web <https://concellogondomar.gal/en/contacta/politica-de-privacidad>.